



## **MOCIÓN INSTANDO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN QUE NON RECORTE EN PROFESORADO E UNIDADES OS COLEXIOS DA GÁNDARA, VIRXE DO MAR E A SOLAINA**

**Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Chega un novo fin de curso, comeza o verán e a incerteza dos recortes no ensino público volven sobre os colexios e institutos de Narón. Así, podemos comprobar que os CEIPS da Gándara, Virxe do Mar e o da Solaina perden unidades en vez de recuperar mestres e mestras como teñen solicitado. Ademais, na Solaina a situación actual é de precisar tamén máis persoal para a atención á diversidade.

A Xunta de Galiza está a actuar dun modo inaceptable atrasando cada vez máis a adxudicación das vacantes nos centros educativos, aproveitando o período estival para actuar sen a mínima das transparencias, con nocturnidade e aleivosía e deixando aos centros indefensos e sen tempo para poder reclamar vacantes en función das súas necesidades. O BNG de Narón lembra, ademais, que estes centros teñen de sobra garantido nenos e nenas para aumentar número de docentes e atópanse xustamente o contrario, comprometendo a posibilidade de ofrecer ao alumnado unha educación de calidade nos termos que establece a normativa vixente.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. O pleno do concello de Narón censura a política de recortes no ensino público desenvolvida de forma recorrente pola Xunta de Galiza na cidade e exige á Consellería de educación o mantemento do actual número de docentes e unidades nos CEIPS da Gándara, A Solaina e Virxe do Mar.
2. O pleno do concello de Narón exige do goberno local a convocatoria urxente do Consello Escolar municipal co obxecto de abordar esta problemática e adoptar as medidas necesarias para recuperar os recursos negados pola Xunta, abordar o Servizo de madrugadores e os temas que atinxen nun Consello escolar ordinario que aínda non se realizou no 2025.

Asdo. Olaia Ledo Díaz